



Audioguía de Cultura e memoria

Esta é unha viaxe polos espazos que falan da nosa cultura e conservan a nosa memoria colectiva. A identidade dun pobo non reside só nas súas paisaxes, senón nas historias que gardamos, nas palabras que escribimos e no traballo das nosas xentes, que son os nosos sinais de identidade máis profundos.

A cultura literaria é o primeiro sinal desta identidade. Atopámola na Fundación Neira Vilas, en Vila de Cruces, que atesoura o legado de Xosé Neira Vilas, o autor de Memorias dun neno labrego. As súas obras son testemuñas da vida rural, un espello da nosa propia historia, onde a literatura se converte nun acto de memoria e dignidade.

Seguimos na Casa do Patrón, en Doade, Lalín, gardiá da etnografía e das tradicións. Este espazo é unha inmersión total na vida cotiá das nosas avoas e avós. A través das súas estancias e ferramentas, entenderemos mellor como era o traballo no campo, as artesáns e a arquitectura popular. Non é só un museo, é a preservación dunha forma de ser e de vivir.

A nosa historia profunda tamén se respira nos xacementos arqueolóxicos, como o Castro de Toiriz, en Silleda, o castro de Doade, en Lalín e o Castro de Garellas, en Forcarei, que son o testemuño da vida dos nosos antepasados e conéctannos coa nosa orixe máis antiga.

A memoria industrial é tamén unha parte crucial da nosa historia. No Museo da Minería de Fontao, en Vila de Cruces, descubrimos a pegada do esforzo e do traballo na mina, o que foi un motor económico e social para a comarca. Neste museo podemos descubrir como era a vida no poboado e a evolución técnica, honrando o sacrificio e o legado daquela actividade.

Pero a riqueza cultural da comarca esténdese moito máis. En Lalín, o Museo "Ramón María Aller" honra a figura do insigne astrónomo e matemático. Para unha perspectiva histórica máis ampla, o Museo do Pobo Estradense "Manuel Reimóndez Portela", na Estrada, é fundamental. E para as familias, ou para recuperar a nosa



infancia interior, o Museo do Xoguete e da Marioneta do Pazo de Liñares, en Lalín, é unha parada imprescindible.

A nosa memoria segue viva noutros puntos de interese, como o Centro Cultural Manuel Llamazares en Rodeiro ou en celebracións como a Festa do Gaiteiro de Soutelo de Montes, Forcarei, considerada de interese turístico galego e que honra a Avelino Cachafeiro, nomeado o mellor gaiteiro de Galicia ou o Festival Folk de raíz de Callobre, na Estrada, toda unha homenaxe a nosa música popular desde hai máis de 24 anos.

A literatura, a etnografía e a historia industrial forman a base da nosa identidade; pero a riqueza cultural desta comarca é moito máis ampla, sostida tamén pola súa historia, a ciencia, a música e as artes. Convidámoste a viaxar por este legado que segue vivo.